



O único camiño é a loita!

FOLGA XERAL

DE ESTUDANTES DE ENSINO SECUNDARIO

6

DE OUTUBRO

21 e 27 de setembro Folga de estudantes e profesores en Galiza

Sindicato de Estudiantes

En defensa do ensino público!

**Nin recortes, nin despedimentos de miles de profesores!
O diñeiro que se regala ós banqueiros, para os nosos institutos!**

Os ataques salvaxes contra o ensino público recrúanse. En Galiza, 1.000 profesores van ser despedidos, a pesar de crecer drasticamente o número de alumnos. Pero esta é a realidade tamén no conxunto do Estado español: en Cataluña, CiU iniciou a ofensiva cun recorte de preto dun 8% do orzamento de educación (recortando o gasto corrente nos institutos e pondo en perigo miles de postos de traballo); en Madrid, hai unhas semanas Esperanza Aguirre anunciaba o despedimento de 3.200 profesores interinos; os gobernos autonómicos do País Valenciano, Navarra, Castilla-La Mancha, Extremadura... tamén aprobaron o despedimento de miles de profesores.

De levarse a cabo, estas medidas suporán que a escola pública perda neste curso até 15.000 profesores no conxunto do Estado, ademais dunha redución moi importante dos orzamentos necesarios para soste os gastos correntes dos centros de ensino. Unha agresión que non fan máis que profundar as leis adoptadas tanto polo goberno central como polas comunidades autónomas nestes últimos anos, e que prexudicaron gravemente o noso dereito a recibir un ensino público de calidade, á vez que favorecen o negocio do ensino privado.

O obxectivo fundamental destes ataques (que tamén afectan á sanidade e outras prestacións sociais) tamén é moi claro: dedicar o diñeiro público ó pago de intereses multimillonarios á gran banca pola débeda, tal como aprobaron no parlamento o PP e o PSOE coa reforma constitucional.

O ensino público está sufrindo a ofensiva máis brutal desde a caída da ditadura franquista. E, como a experiencia demostrou, a única maneira de freala é cunha contestación social masiva, ben organizada e que vaia a máis: coa loita unificada de decenas de miles de estudantes e profesores, e conquistando o apoio do conxunto dos traballadores á nosa causa.

Temos forza para frear os ataques!

Os recortes contra o ensino público non se poden separar das demais medidas que se están tomando por parte dos distintos gobernos a escala internacional, sexan de dereitas ou socialdemócratas: leis, decretos e contrarreformas en beneficio exclusivo dos grandes banqueiros e empresarios, que seguen amasando fortunas e enriquecéndose á conta do diñeiro público que lles chega a mancheas.

As vacacións de verán foron o momento elixido polo Goberno do PSOE, facendo oídos xordos ós intereses da maioría da sociedade, para aprobar reformas que empeoran aínda máis as condicións de vida e traballo de centos de miles de mozos, como a suspensión dos límites ó encadeamento de contratos temporais ou o contrato de aprendizaxe até os 30 anos, con salarios de miseria e condicións laborais pésimas. A pesar de que o Goberno tenta aparentar que os recortes educativos son cousa exclusiva do PP, eles asfaltaron o camiño cos seus plans de axuste, reformas laborais e recortes do gasto social. O exemplo máis claro é que a ministra de Economía, Elena Salgado, aplaudiu publicamente o recorte do 20% dos orzamentos impostos polo PP en Castilla-La Mancha, sinalando que ese era o camiño correcto. O desmantelamento do ensino público que pretende levar a cabo o PP en moitas comunidades autónomas, como a nosa, anticipa as súas auténticas intencións cando cheguen ó Goberno central.

**Folga Xeral de estudantes o 6 de outubro
Un paso adiante para unificar a loita
e confluír nunha Folga Xeral
de toda a comunidade educativa**

A xente nova aprendemos moito dos acontecementos. Coa irrupción do movemento 15-M e as manifestacións masivas que protagonizamos des-

de o mes de maio, a idea de que a unión fai a forza e que a mobilización é a única alternativa útil contra os ataques foi brillantemente confirmada pola vía dos feitos. Se fomos quen de tomar a rúa e conquistar as prazas, se desafiámos ó goberno en plena xornada de reflexión electoral, se enfrontámos a represión... ¿que non poderíamos facer organizándonos en cada instituto ou en cada empresa con métodos democráticos, baseados nas asembleas, a participación directa, a extensión e a unificación da loita? Desde o Sindicato de Estudantes pensamos que ese é o camiño a seguir.

Neste contexto, para defender o ensino público é imprescindible avanzar na mobilización. **Os principais sindicatos convocaron folgas e mobilizacións de profesores aquí en Galiza (21 e 27 de setembro) e tamén en Madrid, Navarra e outras comunidades autónomas. O Sindicato de Estudantes apoia con rotundidade esas folgas e chamamos ós estudantes a participar nas manifestacións e a secundar as folgas do profesorado.** Pero é necesario entender que os ataques son os mesmos no conxunto do Estado, e por iso debemos unir as nosas forzas para loitar todos xuntos ó mesmo tempo. Nada xustifica que isto non sexa posible. Por iso, desde o Sindicato de Estudantes defendemos a necesidade de unificar as mobilizacións de profesores, estudantes e nais e pais de alumnos, a través dunha folga xeral de toda a comunidade educativa.

Con este propósito e como un paso nesta dirección, **o Sindicato de Estudantes convoca unha folga do**

Ensino Secundario de todo o Estado para o próximo día 6 de outubro, e facemos un chamamento público ós sindicatos de clase do profesorado, ás asociacións de nais e pais, a tódalas organizacións xuvenís e de esquerdas e, especialmente ó movemento do 15-M e a todos os que participamos nas manifestacións durante os últimos meses, para confluír ese día nunha gran mobilización en defensa do ensino público en tódalas localidades. Hai que unir e non separar.

Preparar o éxito da Folga do 6 de outubro nos institutos

Para preparar o éxito da folga e as manifestacións do 6 de outubro é fundamental a organización de asembleas democráticas en tódolos centros de estudo, co fin de debater esta agresión contra o ensino público e as reivindicacións que imos defender, tanto as que propón o Sindicato de Estudantes como as que pode expoñer calquera outra persoa ou organización. Tódalas propostas son importantes e necesarias. Ó mesmo tempo, hai que organizar comités de loita integrados por tódolos estudantes que sexa posible, realizar propaganda nos centros, asembleas por clases, pegadas de carteis, pancartas, lograr o apoio dos profesores e a AMPA, e saír ás rúas dos nosos barrios e pobos para informar ós traballadores e veciños da nosa mobilización. Debemos lograr unha asistencia masiva ás manifestacións para demostrar o noso rexeitamento máis contundente na rúa, e continuar a mobilización con novas xornadas de folga até conseguir derrotar estes plans e garantir o noso dereito a un ensino público de calidade.

21 e 27 de setembro, folga de estudantes e profesores 6 de outubro, folga xeral!

- Non ós recortes do orzamento. Aumento drástico dos recursos materiais e humanos para os centros de estudo públicos.
- Nin un só profesor despedido. Convocatoria de prazas suficientes para garantir unha ratio reducida de estudantes por aula e asegurar a calidade do ensino público. Ningunha diminución nas condicións laborais do profesorado e o persoal non docente.
- En defensa do ensino público, basta de subvencións públicas ó ensino privado.
- Dignificación da FP. Prácticas remuneradas nas empresas.
- Non á selectividade económica e académica para entrar na universidade. Basta de aumentalas taxas académicas e de endurece-las

normas de permanencia e acceso na universidade pública. Non queremos que haxa miles de non admitidos, como ocorre tódolos anos.

- Por un posto de traballo digno ó rematar os estudos. Non ós contratos lixo e ós salarios de miseria. Emprego digno e ben pagado. Basta de precariedade laboral!
- Contra o paro xuvenil. Subsidio indefinido de 1.100 € ó mes para tódolos parados até atopar un emprego.
- Basta de regalar diñeiro público ós banqueiros, empresarios e especuladores. Que se nacionalice a banca para investir en obras públicas, sanidade e educación os recursos que xeran os traballadores, dando así emprego a millóns de parados!

**AFÍLIATE Ó SINDICATO DE ESTUDANTES!
CONSULTA NA NOSA WEB O LUGAR DAS MANIFESTACIÓNS**

www.sindicatodeestudiantes.net

Coruña: 627 704 195 • Ferrol: 678 42 08 88 • Santiago: Rúa Casas Reais nº 8 1er piso
Tif: 981 563 100 ext. 12867 / 636 217 248 • Vigo: 628 001 270

galiza / santiago / vigo @sindicatodeestudiantes.net